

## **ACTA Nº 12**

En Madrid, sendo as 12:00 horas do día 18 de novembro de 2004, reúnense na sede social da ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE COMPAÑÍAS PRIVADAS DE SERVICIOS DE SEGURIDAD (APROSER), Calle Marqués de Urquijo, 5, 2º A, dunha parte os representantes das asociacións empresariais, ACAES, AMPES, APROSER, e FES, así como os representantes dos sindicatos CCOO, CIG, UGT e USO, acordando o seguinte:

**PRIMEIRO.** - Iniciada a reunión os sindicatos UGT, CCOO e USO ratifícanse no contido da proposta presentada na acta nº 10. Como contestación á aclaración solicitada pola patronal, con respecto ao cobro do plus de perigosidade para os vixiantes anteriores ao 1994, estes sindicatos entendemos, que debemos consensuar fórmulas que leven de forma progresiva ao cobro deste complemento por todos os traballadores, pero sendo conscientes do valor económico que significaría e atendendo á petición da patronal de eliminar a Disposición Adicional do uso da arma, podemos e debemos garantir, que a ningún traballador lle supoña a sinatura dun convenio a posibilidade de perder parte da súa retribución actual e que estes se conseguirían, en grande parte, coa consolidación do citado plus a todos os vixiantes, anteriores ao ano 1994 que o cobran na actualidade. Por outra banda, e sendo conscientes de que existen compañeiros que perderon no seu día este complementeo e continúan no sector, antes de quitar esta Disposición Adicional, debemos devolverlle o cobro total do complemento, admitindo que podemos usar a duración do convenio para fraccionar esta devolución.

Por parte da CIG, ratifícase na súa disposición de que o plus de perigosidade se perciba para todos os vixiantes independentemente da súa antigüidade. Conscientes do elevado custe que isto supón para as patronais do sector e para non caer en posicións maximalistas proponse compensar este esforzo económico coa conxelación ou redución do actual prezo establecido para a hora extraordinaria comprometéndose a traer á próxima reunión un estudo económico que concrete esta proposta.

Canto aos outros aspectos da proposta social ratificámonos no exposto na acta nº 10.

**SEGUNDO.** - A representación empresarial, en contestación á manifestación anterior das representacións sindicais, ratifícase, asimesmo,

na súa proposta comunicada do pasado día 11 de novembro co compromiso de estudar a proposta que lle resente a representación sindical, debidamente cuantificada sobre a consolidación do plus de perigosidade dos traballadores que tiveran recoñecida a categoría de vixiante xurado con anterioridade ao 01.01.1994 e continuaran en activo na empresa, distinguindo os colectivos que se atopan nesta situación, que veñen percibindo o plus, e os que non o perciben.

Asimesmo, lémbrese a necesidade de facer constar a fórmula do valor da hora ordinaria das distintas categorías ás que afecta o convenio, ao careceren o presente de aquel valor.

Con respecto á proposta do plus de perigosidade da CIG, manifestar, que a mesma no pode ser aceptada por esta representación empresarial, xa que comportaría recoñecer que o plus de perigosidade non é un complemento de posto de traballo senón de carácter fixo, premisa que non garda relación coa súa natureza.

**TERCEIRO.** - Lémbrese por ambas as partes continuar as negociacións o próximo martes día 23 ás 11 horas na sede de APROSER.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión, coa sinatura dos asistentes, en proba da súa conformidade co contido da mesma.

#### **POLA REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL:**

##### **ACAES**

D. FERNANDO RICONDO SALVARREY  
D. MATÍAS PLAZA FRANCÉS

##### **AMPES**

D. JUAN PEDRO DEL CASTILLO SERRANO  
D. LUIS GARCÍA ECHEVARRÍA

##### **APROSER**

D. SANTIAGO GARCÍA GARCÍA  
D. ISAAC MARTÍNEZ CARRASCAL

##### **FES**

D. JORGE RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

DNA. VANESA GÓMEZ DÍAZ  
D.CARMELO CAREAGA ESPINOSA

## **POLA REPRESENTACIÓN SINDICAL**

### **CCOO**

D. ALEJANDRO GASTÓN GARCÍA DE JALÓN  
D. TXOMIN MARAÑÓN MAROTO  
D. JULIÁN MONTES MATEO (asesor)  
D. JOSÉ ANTONIO ROLDÁN PÉREZ  
D. JAVIER TORREJÓN MARTÍN  
D. MARIO JOSÉ ALONSO FERNÁNDEZ  
D. JUAN FÉLIX MESA FERNÁNDEZ

### **CIG**

D. JOSÉ MANUEL CRESPO GARCÍA  
D. ALBERTO DEL RÍO QUIROGA (asesor)  
D. PAULO PAIO RUBIDO BARÁ (asesor)

### **FEs-UGT**

D. ISIDRO CAMPO NAVARRETE  
D. JOSÉ CARLOS FERNÁNDEZ-CID CASTAÑO  
D. JULIÁN GARCÍA PARRILLA  
D. FRANCISCO SÁNCHEZ GUTIÉRREZ  
D. BENJAMÍN SÁNCHEZ SOBRINO  
D. ANTONIO SOLANO BONILLA  
D. RAFAEL SALDAÑA ERUSTES  
D. JOSÉ LUIS SANTOS VICENTE

### **FTSP-USO**

D. ANTONIO DUARTE ÁLVAREZ (asesor)  
D. JUAN CARLOS LÓPEZ REYES  
D. JOSÉ LUÍS MÉNDEZ GONZÁLEZ  
D. MARCELO GARCÍA CONDE (asesor)